



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 14 DE XUÑO DO 2023.

Sesión 08/2023-P

<p style="text-align: center;"><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p style="text-align: center;"><u>PRESIDENTE</u></p> <p>D^a María Nogareda Marzoa (non adscrita)</p> <p style="text-align: center;"><u>CONCELLEIROS</u></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández (SM) D^a María Pilar Taibo Fernández (SM) D. Xosé Fernando Fariña Andrade (SM) D^a Rebeca Mouriño Neira (SM) D^a Ana Paola Mondaca González (SM) D. María Luísa Rúa Prieto (SM) D^a María Pardo Fafián (PSOE) D^a Laura Rodríguez Pena (BNG) D^a Sara Arrojo Dueñas (BNG) D^a María José García Freire (non adscrita) D^a María Soraya Salorio Porral (non adscrita) D. José Luis Tellado Villares (non adscrito) D. José Luis García Pazos (non adscrito) D. Sergio García López (non adscrito)</p> <p style="text-align: center;"><u>NON ASISTEN</u> (con escusa)</p> <p>D. Ramiro Blanco Montero (non adscrito) D. Breogán Blanco González (non adscrito)</p> <p style="text-align: center;"><u>SECRETARIA</u></p> <p>D^a María del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 09.00 horas do día mércores 14 de xuño do 2023, baixo a presidencia da sra. alcaldesa D^a María Nogareda Marzoa, asistida pola secretaria da Corporación D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen-se os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión extraordinaria do Pleno prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte orde do día.</p>
---	--

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión a Presidenta, dando a benvida a todos e a todas a este Pleno extraordinario do Concello de Sada.

ÚNICO.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES (SESIÓNS NÚMS. 05 E 07/2023).

A Presidenta cédelle o uso da palabra á secretaria, quen fai unha observación con respecto dun erro que se advertiu no punto número 9 da orde do día na acta da sesión ordinaria do pasado día 30 de marzo, consistente en que na votación do asunto onde di “*Resultando aprobado por unanimidade dos asistentes*” debe dicir “*Resultando aprobado por maioría simple dos asistentes*”, como se pode deducir do resultado da votación que se reflicte na propia acta, aclarándose que se trata do punto relativo ao Regulamento da agrupación de voluntarios de Protección Civil do Concello de Sada. Logo de ter sido preguntados para os efectos, todos amosan a súa conformidade para proceder a efectuar a dita corrección.



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2023/G010/000008

Sendo as 09.01 minutos incorpórase á sesión a sra. Arrojo Dueñas (BNG).

Seguidamente, a Presidenta pregúntalles aos membros da Corporación se teñen que formular algunha observación ás actas das sesións núms. 05 e 07/2023, respectivamente das sesións ordinarias do 27 de abril e do 25 de maio; non habendo intervencións, quedan aprobadas as ditas actas, ordenando a súa transcrición ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 09 horas e 02 minutos do día mércores 14 de xuño do 2023, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado da alcaldesa María Nogareda Marzoa, que leva unido o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.